



O FARELO

Nº26

Febreiro de 2019

Prezo: 2 euros

XORNAL CULTURAL PARA O LECER

"As Andrómenas e outros contos" presentouse no Liceo



Páxina II

Unha rede europea para as linguas minorizadas



Páxina IV

60.000 persoas desfrutaron das rutas fluviais pola Ribeira Sacra



Páxinas VIII

O Emevé, campión da XII Copa Príncipe de Voleibol



Páxina IX

Xantar 2019 perfila o seu programa de actividades



Páxina XIII



Os Premios da Cultura Galega entregáronse en Montederramo

Páxina XII

Entrevista



Pedro Esmorís, director CAMOVI Viveiro

"Quen practica trail running é un deportista diferente"

Páxina VII



“As Andrómenas e outros contos” presentouse no Liceo

Presentouse no Liceo de Ourense o libro “As Andrómenas e outros contos” do que son autores Avelino Jácome e Manuel Blanco. Trátase dunha serie de 32 relatos curtos que contan a través da inocente mirada de dous nenos a historia real de dúas familias da Galicia interior. Dúas miradas diferentes, unha máis poética e dramática e outra máis pragmática, ambos, van debullando a súa historia máis íntima, como unha metáfora das dúas Galicia. Por unha banda, a emigrante coas súas penalidades e os seus triunfos e por outro a que quedou pelexando aquí na máis absoluta miseria.

Os dous nenos sofren nas súas carnes a orfandade de nai, quedando desamparados nun mundo hostil, ao longo dos relatos podemos ver como os valores de loita e perseveranza, vanse impoñendo á realidade albiscando ese futuro mellor creado polas mulleres

e homes dentro e na diáspora da emigración case obrigada.

A historia de dúas familias que conforman realmente a intrahistoria da Galicia da posguerra, mesturando historias de acá e de alá, con tradicións e supersticións, coa morte e a vida como pano de fondo, a dozura dun neno coa traxedia da vida nunha incomparable tensión lograda con dúas visións alternadas, diferentes e complementarias.

Dous autores

Avelino Jácome, articulista habitual en varios xornais, Ourense por Barrios e Novas do Eixo Atlántico e creador da sección “Con Sentimento” na revista internacional “A Bugalla”, distribuída en máis de 30 países, experimentado no campo editorial ao que dedicou a maior parte da súa vida. Por outra banda, Manuel Branco Villar, presidente da Asociación “Amigos da Casa do Patrón” director e creador do Museo Casa do Patrón, o maior museo

etnográfico de Galicia, autor entre outros o libro que recentemente se publicou “A Casa do Patrón, o Gran Ecomuseo do Mundo Rural Galego” do que está a piques de realizarse xa a súa segunda edición.

O libro escrito en galego e castelán conta con máis de 30 reproducións pictóricas do recoñecido pintor ourensán, Miguel Ángel Martínez Coello, realizados exclusivamente para esta edición, que abarcan desde o retrato dos protagonistas, ás paisaxes e lugares onde transcorren as historias, captando escenas do vivir cotián tales como: “A Malla”, “Os cestos”, “Un día de feira” ou outras máis desgarradoras “A meniña das maletas”, “Funeral por un neno morto”.

En resumo, un conto de nenos para que mediten os adultos, un camiño, para coñecer-nos mellor, unha imaxe da emigración como salvación, a acollida nos países hispanoa-



Avelino Jácome e Miguel Blanes.

mericanos, a loita por saír adiante, os heroes anónimos que partindo de grandes desvantaxes souberon impulsar o benestar do que gozamos, este libro é unha homenaxe aos valentes que se enfrontaron con coraxe e valentía á miseria para transformala.

Libro de 208 páxinas impresas en papel de alta calidade, de 150 gramos, ófset especial, a todo cor, tamaño 17 x 24 cm. Encadernado en tapa dura ao cromo, alta calidade con sobrecuberta impresa. Miguel Blanes é o autor da portada.

Vicente Araguas recupera a adolescencia en “Los pavos trufados”

A adolescencia e o seu mundo protagonizan “Los pavos trufados”, a última obra do escritor, filólogo e xornalista coruñés Vicente Araguas, un libro de relatos publicado pola editorial Lastura e presentado hoxe na Delegación da Xunta en Madrid/Casa de Galicia. Nel Araguas “recupera a adolescencia, esa idade do pavo segundo o termo tan cruel”, por iso el “os trufa”.

A presentación estivo a cargo do autor, a directora da editorial, Lidia López Miguel, e o coordinador de Actividades da Casa, Ramón Jiménez, quen interveu en representación do delegado

da Xunta e director da Casa de Galicia, José Ramón Ónega.

Jiménez referiuse a Araguas como “un bo cazador de relatos”, lembrando que “xa presentamos nesta mesma sala en outubro de 2015 outro libro de historias súas, as recollidas baixo o título ‘Nos dió por llorar mientras llovía’”. “Pero Vicente Araguas, ademais de narrador, en galego e en castelán, é poeta, xornalista, crítico literario e ensaísta (véxase o seu ensaio sobre o mundo poético de Bob Dylan, por exemplo). Doutor en Filoloxía Inglesa, foi e é profesor de Literatura, e aquí merece unha

especial mención o seu curso sobre o adulterio feminino na novela do XIX que actualmente imparte na Universidade Complutense”, precisou.

“Con ‘Los pavos trufados’, Vicente Araguas regresa á publicación de relatos para facer unha literaria homenaxe á adolescencia e ao seu mundo, no que sempre se moveu como peixe na auga. Nestes anos puiden comprobar como Vicente se mimetiza, debido ao seu traballo como profesor, entre os pavos trufados, os pavitos e ata os pavos reais... goza convivindo con eles como o fai cos cans ‘El encantador de perros’,

e quizais por iso este libro de relatos teñan moito máis de entrañable realidade que de ficción”, expuxo Lidia López, para quen, ademais, “estamos ante unha obra que recolle gran parte da vida e da vocación deste polifónico galego”.

Araguas lembrou que este é o seu terceiro libro de relatos, o segundo en español -o outro está en galego-, e explicou que nel “recupera a adolescencia, esa idade do pavo segundo o termo tan cruel”, polo que el, en alarde gentil, “os trufa”. “A adolescencia allea e a propia”, porque este autor confésase “ademais de pecador alborzado/alborotado, cociñeiro antes que frade”. “Pero



neste libro nin todo é ji-ji-jí nin ja-ja-já, que tamén hai dor e amores contrariados e xente que se subleva mentres ás raparigas apértanlles os zapatos e o corazón se disloca e as mans acariñan suave, con suavidade de aloe”, expuxo, catalogando a obra como “libro introvertido dun narrador e poeta que se extrovierte”.

Presentación da antoloxía “La letteratura galega. Autori e testi” en Santiago de Compostela.

Inma Otero Varela

O 29 de xaneiro presentouse en Santiago de Compostela a obra *La letteratura galega. Autori e testi* (Carocci, 2018) publicada en Italia uns meses antes grazas ao traballo realizado entre Centro de Estudos Galegos da Universidade de Padova, o Centro de Estudos Galegos da Sapienza na Universidade de Roma e o Centro de Estudos Galegos da Universidade de Perugia.

Son precisamente Giovanni Borriero, director de Centro de Estudos Galegos de Padova, xunto a Gemma Álvarez Maneiro, lectora de lingua galega en Padova entre 2011 e 2014, os que levan a cabo a edición desta antoloxía que reúne os cincuenta primeiros nomes aos que se lle dedicou o Día das Letras Galegas. Ordénanse cronoloxicamente tendo en conta a pegada da súa obra na historia da literatura o que permite un achegamento eficaz á evolución das nosas letras desde a Idade Media, representada en primeiro lugar por Afonso X, ata a contemporaneidade que se detén aquí en Lois Pereiro. Para alén da introdución ilustrativa que precede a cada un dos escritores, inclúense fragmentos da súa obra en lingua orixinal xunto coa tradución ao italiano. Tamén se incorporan ao final varios anexos que, como sinala Gemma Álvarez Maneiro, son fundamentais para guiar a lectura italiana, xa que o libro naceu para cubrir as necesidades do alumnado que estuda galego nas universidades de Italia, aínda que tamén se pensou no público curioso non especializado.

Arrouparon a presentación, que tivo lugar na Sala Sar-

miento do Pazo de San Roque, Víctor Freixanes en calidade de presidente da Real Academia Galega, Valentín García Gómez, secretario Xeral de Política Lingüística, os editores Giovanni Borriero e Gemma Álvarez Maneiro, e Alonso Montero como autor do prólogo. Os dous primeiros valoraron o paso adiante que supón este volume no espallamento dun canon da literatura galega fóra das nosas fronteiras. Freixanes cualificouno como “magnífico traballo” co que enfrontar o desafío de “proxectarse ao exterior”. Así mesmo lembrou a débeda que a literatura galega ten coa filoloxía italiana que tantos estudos de calidade ten dado, sobre todo para o período medieval. Alonso Montero, pola súa banda, recalcou que escribiu o prólogo desde a paixón perante o que el denominou “monumento das letras galegas”. Giovanni Borriero anunciou varios proxectos que seguirán difundindo as letras galegas en Italia. Un deles é a publicación dunha historia da literatura galega dividida en dúas partes. A outra pasa por activar a colección “Cousas” que dará cabida á tradución dos títulos clásicos da literatura galega moderna e contemporánea. Todos eles, cada un no seu ámbito, contribúen co seu rigor á dignidade da lingua e a literatura, como subliñou a coautora.

A antoloxía forma parte da colección Finisterrae integrada na prestixiosa editorial Carocci que desde hai anos publica textos relacionados co ámbito cultural galego. A selección e edición dos volumes da serie Finisterrae corre a cargo de Giovanni Borriero, Attilio Castellucci e Carlo Pulsoni, directores dos centros de Estudos Galegos en Italia.



MANIFESTACIÓN

POLA SANIDADE PÚBLICA GALEGA

OS RECORTES MATAN
NON AO NEGOCIO COA SAÚDE

ESIXIMOS:

- Recuperar os recortes de persoal sanitario, camas e orzamentos
- Acabar coa marxinação da Atención Primaria e coas EOXIS
- Recuperar as Áreas Sanitarias e os Hospitais comarcais
- Dotar adecuadamente os PAC e os Servizos de Urgencias hospitalarios
- Acabar coa precariedade laboral
- Recuperar tódolos servizos e centros privatizados

SOS
sanidade pública

Domingo, 10 de febreiro
ás 12 hs na Alameda
Santiago de Compostela

Unha rede europea para as linguas minorizadas

Seis academias, entre elas a RAG, impulsan esta rede coa que pretenden visibilizar a realidade das linguas propias das nacionalidades históricas e poñer en valor a diversidade lingüística de España

A Real Academia Galega, o Institut d'Estudis Catalans, a Real Academia da Lingua Vasca-Euskaltzaindia, a Fryske Akademy, Lo Congrès Permanent de la Lenga Occitana e EURAC-Institute for Applied Linguistics, impulsarán unha rede de entidades homólogas, institutos lingüísticos e centros de investigación de linguas minorizadas ou minoritarias no ámbito europeo co propósito de promover o coñecemento e o respecto da diversidade lingüística do continente.

Este é un dos puntos centrais do protocolo de colaboración que foi presentado días atrás polas seis entidades no marco do congreso internacional que Euskaltzaindia celebrou en Pamplona dentro do programa de actos do seu centenario.

O encontro, organizado por Euskaltzaindia, céntrouse no labor dunha das súas seccións, Jagon, que quere dicir “coidar”, o verbo que resume o espírito do protocolo asinado. Entre as voces que se deron cita no congreso, participou como relator o sociolingüista e secretario da RAG, Henrique Monteagudo.

Na presentación do protocolo participaron xunto a Andrés Urrutia, presidente de Euskaltzaindia, entidade promotora do acordo, Henrique Monteagudo en nome da RAG;



O protocolo foi presentado no congreso internacional que a Academia da Lingua Vasca celebrou co gallo do seu centenario.

Joan Argenter, en representación do Institut d'Estudis Catalans; Cor van der Meer, pola Fryske Akademy, que estuda e defende o frisón, falado en territorios dos Países Baixos, Dinamarca e Alemaña; Benoît Dazeas, de Lo Congrès Permanent de la Lenga Occitana; e Elena Chiocchetti, do EURAC - Institute for Applied Linguistics, da rexión italiana do Tirol do Sur, onde se fala alemán, italiano e ladino.

Segundo recolle o texto, a

rede que se impulsará procurará o recoñecemento en cada caso, especialmente das academias, como representantes das súas respectivas comunidades lingüísticas ante as institucións da Unión Europea co obxectivo de garantir os seus dereitos e o seu futuro.

A RAG amosou a súa confianza en que o novo protocolo facilite ademais avanzar nun posicionamento común que visibilice no contexto estatal a realidade das linguas propias

das nacionalidades históricas e poña en valor a diversidade lingüística de España, resaltou na súa intervención na presentación Henrique Monteagudo.

Recursos

Entre outras medidas, contéplase tamén o intercambio de experiencias no desenvolvemento de recursos e ferramentas lingüísticas que sexan útiles tanto para as comunidades de falantes como para as investigadoras, e incluso se concreta a posibilidade de

traballar nunha infraestrutura dixital que poida ser empregada e adaptada ás necesidades de cada unha das institucións.

A colaboración científica, o intercambio de información, a coedición de publicacións de interese común e a coordinación de xornadas, seminarios e congresos son outras das vías de traballo compartido que as institucións asinantes do devandito protocolo se comprometen a fortalecer a partir de agora.

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T. 658 58 50 49

guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.

Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD

36860 PONTEAREAS - GALIZA - T. 986 64 12 69

redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.

Publicidade: Departamento propio e axencias

publicidade@novasdoeixoatlantico.com

Fotografía: Hernández e departamento propio

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:

GALIZA: Rocio Rodríguez - Montserrat Rodríguez - Porto Ucha - Raquel Vázquez - C. Méixome - M. Xiraldez - M. Rguez. Alonso - X. Maure - Uxío Breogán - Pérez Lema - X. Glez. Mtnez. - M. Bragado - B. Iglesias (Mero) - Nemesio Barxa - Andrea Goro - Anxo Mena - I. Otero Varela - Susi Rodríguez - Jesús Témez Fernández - Isidoro Gracia - Roberto Carlos Mirás - Rafael José Adalid - Laura de Cáceres - Kiko Neves - Ramón Mariño - Manuel Estévez - **PORTUGAL:** Hilaria Albertina Dantas Antelo - Viale Moutinho - Manso Preto - Isabel Varela - João Martinho - **MADRID:** Juan Louzán - **BARCELONA:** Fdez. Valdeorra - **PAIS BASCO:** Nicolás Xamardo - **CANARIAS:** Fco. Puñal - **NOVA IORQUE:** Fco. Álvarez (Koki).

Fotografía: Hernández - A. Gutiérrez - M. Preto - Dpto. Propio.

Humor: Tokio, Martirena - Pepe Carreiro - X. Marín - Xosé Manuel Fernández Montes (Hermanager Produccións) - Ignacio Hortas - Francisco Puñal - Felix Ronda - Fuco Prado - Sex - Ortifus (España) - Omar Pérez (Galicia) - Mauricio Parra (Colombia) - Cébula (Polonia) - J.Bosco e Fernández (Brasil) - Marlene - Pohle (Arxentina) - Guy Badeaux (Canadá).

Depósito legal: VG-14/2017

Por Rafael José Adalid Rodríguez

Expresión e poder da palabra

Concernente a certas narracións populares, é obvio que o seu calado resúmese no froito dun proceso de memorización e por conseguinte, aceptación por parte das continuas xeracións. Individuos que, en primeiro lugar actuaron como receptores da susodita tradición, para despois convertérense en emisores culturais de for o caso.

Na situación de que este último suxeito comunicativo desexe seguir transmitindo, debe ser coñecedor de que, a súa palabra, en calquera contexto comunicativo, pode ir acompañada de elementos non verbais, lingüísticos e discursivos. Estes axudarán a implantarlle máis credibilidade e relevancia a calquera enunciado baleiro

de significación e veracidade.

A palabra e a construción da que forme parte, pode conformar un contexto comunicativo áulico, non sempre captado por todos. Aparencias somerxidas baixo un velo de fermosura e posible verbosidade, na que o seu contido redime da mesma forma que en calquera conversa dionisiaca e monótona ó pé da rúa.

Estes vocábulos que conforman linguaxe foron, son e serán empregados con argucia, de forma maledicente. Seguirán sendo controladores de masas, ditadores da obediencia a leis e ideoloxías, transmisores da moralidade e normalidade a seguir da que nin quen a promulga acata; da imposición dos seus gustos e da súa forma de ser.

Din que a palabra é unha arma,

pois pode chegar a infundir medo para manipular e controlar as persoas. Por conseguinte, serve para ter ós adalides da rebeldía, baixo control do paradigma social. Destacando inclusive, por ante unha crítica, mofa e sorna de certos líderes, seren secuestradas, por non seguir ese transcurso do rego, encañado a axudar sementar ideas e pensamentos propios en cada leira.

Así, formou e constituíu parte de obras pertencentes a ditadores, como o Mein Kampf de Hitler. Mais podemos moldear, ridiculizar e contrarrestar ese uso pretencioso e malévolo, actuando ante estas co poder dela mesma.

Son os virtuosos das letras quen teñen ese poder de utilizala para facer con elas o ben, ou o mal. Remítome tanto no seu emprego escrito como oral. Non cómpre recordar que, unha persoa que non le e non se informa, é escrava da súa ignorancia e por tanto

máis fácil de manipular. Pode ser coñecedor dun único punto de vista, alienado e moitas veces alterado; mais precisa de varias comunicacións fronte ás que contrastar, a poder ser, sen estar controladas ou dependentes, coas que acabe por fortalecer o seu pensamento crítico e propio.

Quizás cómpre que mude a sociedade, mais a historia é cíclica e os erros repítense ó longo dos anos.

A palabra actúa como Deus creador, dá lugar a un contexto comunicativo de múltiples variantes, con multitude de personaxes e situacións reais ou inventadas. Transmite aprendizaxe, cultura, formación, información... e con ela vén implícito o tempo, moitas veces lúdico.



Por Ramón Coira Luaces

Antonio Fraguas Fraguas (Día das Letras 2019)

Foi un Historiador, antropólogo e xeógrafo galeguista de familia humilde e pai canteiro (que estivo un tempo emigrado en Brasil), ao que a RAG lle adica este ano o Día das Letras Galegas. Naceu en Cotobade en 1905 e finou en Compostela en 1999. Participou no Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento e foi membro fundador e primeiro director do Museo do Pobo Galego, onde nunha sala están expostas as ferramentas do oficio do seu pai. Entre outros honores, recibiu a Medalla Castelao. O emprego do galego era complicado, cando non estaba prohibido, por iso algúns dos seus traballos están redactados en castelán, pois era a única maneira de que visen a luz. Como docente foi continuador da Institución Libre de Enseñanza, que defendía a formación integral do alumnado, nun contexto de neutralidade ideolóxica, tolerancia e respecto. E hai fotos dalgunha das súas saídas ao campo co seu alumnado do Instituto da Estrada en 1936 en sábados e domingos.

El estudou no Instituto Xeral e Técnico de Pontevedra, onde foi recuperando cursos até rodearse do alumnado da súa idade. Deulle tamén clase de debuxo

Castelao. Porén o que máis lle influíu foi Antón Losada Diéguez, profesor de Filosofía, tamén galeguista e membro das Irmandades da Fala. Con 17 anos, Antonio Fraguas funda a Sociedade da Lingua, en defensa do idioma galego. Ao rematar o bacharelato vai a Santiago, onde estuda Filosofía e Letras. Antón Losada Diéguez convidouno a participar no Seminario de Estudos Galegos e el aceptou, realizando traballos sobre xacementos arqueolóxicos castrexos, en compañía de Xocas (Xaquín Lorenzo) e Sebastián González. Entrou tamén na Irmandade da Fala de Santiago, publicando algúns traballos na revista Nós.

Rematados os seus estudos, atopa traballo como profesor de Letras do Instituto de Santiago, grazas á mediación do seu amigo Sebastián Glez. Da clase tamén na Universidade e na academia privada Xelmírez. En 1932 casa coa súa moza, Teresa. Colabora en galego coa recente Unión Radio Galicia. E publica traballos académicos sobre arqueoloxía, costumes e tradicións da cultura galega. E en 1933 obtén por oposición praza de catedrático de Instituto. Trasládase á Estrada, onde da clase e actúa como animador cultural, colaborando na crea-

ción dunha biblioteca e dun museo. É nomeado Secretario do Partido Galeguista da Estrada e participa activamente na campaña a favor do Estatuto de Autonomía para Galiza.

Tras o Golpe do 36 é detido polos franxistas, sendo humillado e obrigado



a borrar as pintadas a favor do Estatuto. Perde tamén a súa praza e títulos académicos. Motivo polo polo que decide refuxiarse un tempo en Cotobade (e incluso no monte por breves períodos de tempo). Peor foi a sorte do alcalde galeguista da Estrada, Jesús Puente Fontanes, asasinado polos sublevados... Di el mesmo: "Eu funme zafando, pero durante anos espertei con medo de

que me viñesen buscar para unha camiónada polo monte, de ida pero sen volta". En 1942 volve exercer como profesor en Santiago, pero como axudante e sen ningún tipo de cargo. Como cobraba pouco, pon tamén en marcha unha academia privada. Prepara oposicións, porén por mor do seu pasado galeguista non consegue praza de catedrático de Xeografía e Historia até 1950. Obtendo praza no Instituto Masculino de Lugo, actual Lucus Augusti. Colabora como tesoureiro co Padroado Rosalía de Castro e tamén coa Sociedade Económica de Amigos do País. En 1951 é nomeado membro numerario da RAG, da que xa era membro correspondente. Mais, probablemente por mor do seu pasado político, este ingreso non se fai efec tivo até 1956. Aos nove anos obtén traslado para o Instituto Rosalía de Castro de Santiago, participando tamén na vida cultural da cidade. Sempre se interesou polos estudantes máis desfavorecidos economicamente... En 1963 é elixido director do Museo Municipal de Santiago, futuro Museo do Pobo Galego; do que foi fundador e do que sempre se sentiu moi orgulloso. Colabora e participa con numerosas entidades e institucións -entre as que destaca o Consello da Cultura Galega- e recibe numerosos recoñecementos en vida. Un consello: lede o libro de Héctor Cajaraville.

Opinión

Por Xosé González Martínez. Presidente do Foro E. Peinador

Día da galeguidade empresarial para Isaac Díaz Pardo

C ontábame Díaz Pardo unha anécdota que lle pasara con Ánxel Fole de protagonista cando se inaugurara o Laboratorio de Formas de Galicia. Ocorréaselle a Isaac levar ao acto ao Gobernador de Lugo; nunca tal fixera!. Cando llelo foi presentando aos convidados, que o saudaban con in-disimulada frialdade protocolaria, Ánxel Fole, estendéulle a mana ao tempo que lle dicía co seu aquel retranqueiro: “A Gobernadores civiles he conocido yo a muchos, si señor!”. E sen máis, déulle as costas deixándoo desconcertado.

Fole evidenciaba co seu desdén a inconsistencia dalgunhas biografías relevantes na medida que son alguén por razón do cargo institucional que desempeñan; persoas que pasan por este mundo como almas en pena, sen deixaren pouso, porque non tiña entidade de seu. Un cualificado especialista en medicina sicosomática dicía que a experiencia da vida é un tesouro cando pode ofrecerse aos demais como

se ofrece un agasallo. Dos demais, dos que non deixan remol da súa existencia, non existen na memoria colectiva dun pobo. Aquel gobernador era un preclaro exemplo.

Sen embargo, Isaac Díaz Pardo é merecente de todas as louvas que se lle poidan facer para perpetuar a súa memoria polos séculos dos séculos. Foi unha figura sobranceira que traballou arreo para facer posible a reconstrución da identidade galega. Súa é a autoría da marca Galicia, que Cerámicas de Sargadelos proxectou no mundo con inxenio empresarial expresado en lingua galega. Por iso dicimos que foi el, xunto con outros precursores –Enrique Peinador, Isidro Parga Pondal, Ramón Ovella Vidal, Antonio Fernández...- os auténticos forxadores da identidade do progreso económico

de Galicia, valéndose da aplicación desa ecuación que asegura o éxito dos negocios, o I+D+i, ao que Isaac lle engadiu un novo sumando, o “G”, de galeguidade, practicando así, con acerto e xenerosidade, a responsabilidade social corporativa, cuxa filosofía implica a inculturización da actividade empresarial.

O seu maxisterio permanecerá na historia de Galicia como un exercicio de imaxinación intelixente e transcen-

numento nos xardíns inmediatos á Facultade de Belas Artes, grazas ao patrocinio do Concello de Pontevedra e ás colaboracións da Escola de Canteiros de Poio da Deputación Provincial e da Secretaría Xeral de Política Lingüística. Unha placa colocada no fuste do monumento recolle unha frase súa que caracterizou a súa actitude vital: “Cando os anos me venzan, xa decomposto todo e farto de facer todo o que fago, non sei o que farei...Estou tan afeito a perder que non sei que facer se un día gaño”.

Isaac, no fondo, sabía que ningún esforzo é inútil. O Foro E. Peinador celebrará, seguindo o seu exemplo, nos próximos meses actos de investidura de galeguidade empresarial en Rodríguez López Auto, Con servas Frisco, Feiraco, Seguridade A-1, Itelsis, Cooperativa Hox.Tamén, co concurso das universidades galegas, celebrará un encontro coas grandes empresas da área metropolitana viguesa, para trasladarlles o discurso da galeguidade empresarial.



Por Baldomero Iglesias Dobarrio, Mero.

A faltada fatal

G aliza cala submisa nesta nova aldraxe orzamentaria. Unha vez máis, seguimos dóciles na rutina dos días, vendo como chove e como tamén, desde o Goberno central, non queren crer en nós. Xa nunca o fixeron. A cousa vén de vello, sobre todo nos partidos de ámbito estatal cando collen a alternancia dun goberno que se acanea coa periodicidade dos cabreos dos votantes, proporcional –en moitas ocasións- ao saqueo. Non ocorre tampouco diferente na Xunta, onde levan anos e gobernos esnaquizando o noso ser, aquel máis íntimo dos dereitos sociais e noutrora públicos, do despoboamento e caída demográfica, da Cultura, da Lingua, do deseño do rural e das vilas, do abandono á nosa cativa sorte cando se traducen as desgrazas

en incendios, submisións, minas de furto e espoliación, contaminacións de terra, aire e mar tapando todo con festas gastronómicas e tantas pantasmadas. Non hai que ser moi listo para se dar conta da faltada que o goberno do Estado, o que nos dirixe desde Madrid orzamentariamente, vén de dedicarnos. Ese dirixir desde os orzamentos é dirixir practicamente todo, ter o control na man. E aí estamos, nesta autonomía que é a súa, dirixida a golpe de talón e conveniencia. Este reparto xeográfico que non nos permite mover nin facer unha mínima corrección de xestión e investimento. Está todo baixo o mando central dos orzamentos. É común a indignación, mesmo nos correspondentes do Psde de Galiza, algúns xa se manifestaron, pero a cousa

é doada de entender: mandan votos e intereses! A discriminación é evidente e non quixera caer na vía comparativa –pois é o que buscan, os involucionistas, o enfrontamento entre as nacións do Estado- cando outros, por mor de ruído e de intereses determinantes, resultan gratificados. É un despropósito que resulta insulto, raia na mala crianza e maxisterio. As autoridades e os nosos representantes deberan estar alerta e en pé de guerra, non so polo grotesco e inxustificado insulto que nos propinan, senón pola mala xestión que a prol de maiores desequilibrios se propoñen en razón de básicos dereitos, mesmo nos fondos solidarios. Xa non falemos da mala educación que raia nun castigo sen xeito, nunha penalización sen escusa algunha. De momento un saco de cemento, diría un versicida. En Galiza case non se sente a protesta. Semella que aceptamos o despropósito, cheo de verdadeira falta de sentido

común, sentido tan infrecuente e apreciable nos que ocupan cargos de responsabilidade. E mentres nós, andamos a ver quen dos nosos se prexudica para gozar nesta distancia curta da necidade. Os verdadeiros inimigos están á vista, son os do balanceo, os dos gobernos da alternancia, os que nos condenan sempre, damnificándonos. Agora está ben claro. Son uns orzamentos de chantaxe, tendenciosos, insolidarios e deberan ser contestados en votos, en confluencias masivas de amor propio. Tamén pode o delegado daquel Central goberno querer convencernos coa cantiga-milonga de “que tocamos a máis por cabeza”. Que as deusas –os deuses non o fixeron- propicien xenreira, que paciencia temos de abondo!



Por Moncho Mariño

Pedro Esmorís, director CAMOVI Viveiro.

“Quen practica trail running é un deportista diferente”

Pedro Esmorís é o director técnico da Carreira por Montaña de Viveiro, CAMOVI. Esta é unha carreira por montaña organizada desde hai nove anos no Concello de Viveiro puntuable para a Copa Galega. Logo de nove anos, Pedro xa pode facer un balance do que veu aportando esta competición, que para el e para as persoas que compiten nela. Máis que nada, para el a cuestión é gozar da carreira e do monte.

-A Carreira por Montaña de Viveiro, CAMOVI, é puntuable para a Copa Galega, pero tamén o foi para outras competicións non?

Si, hai dous anos foi para a Copa de España, mais isto vai cambiando cada ano para darlle mobilidade xeográfica ás probas que puntúan. A Copa Galega son catro probas e a da CAMOVI é a segunda este ano.

-Como consegue un grupo de amantes deste deporte levar adiante unha competición como esta?

Ás veces pensamos que se nos vai das mans, de correr cen persoas o primeiro ano, entre as dúas distancias que fixeramos, a ser setecentos hoxe en día máis os voluntarios. A carreira vala consolidando, vas recollendo o que sementas.

-Cal é a grande diferenza que aporta a CAMOVI fronte a carreiras xa existentes e outras que podan vir?

Creo que por unha parte fomos dos primeiros. Animounos moito a Federación galega, porque eramos moi afeccionados as carreiras polo monte, competídes en carreiras de expedición. Sei que por aquel momento existía unha competición en Manzaneda, Penedo dos Lobos, non sei se agora aínda se celebra, non era da

Copa, pero dentro das competicións oficiais a primeira foi Canóns do Sil, que organiza o Clube Ribeira Sacra. Logo xa arrancou hai nove anos a Copa galega, nese momento tamén comezamos nós así que xa entramos directamente na Copa.

-Cal é a historia que ten detrás a CAMOVI?

Nós sempre competíamos en carreiras de rail aventura, que son carreiras de expedición e de autosuficiencia, que vas en bicicleta, vas correndo seguindo un mapa, e xa tiñamos falado de montar unha carreira en Viveiro, tocando os picos máis significativos. Trazamos un percorrido de 40 quilómetros e logo ano a ano, fomos introducindo novos elementos como que haxa o menos asfalto posible por exemplo. Finalmente quedou unha carreira cunha dificultade técnica acorde co que temos aquí. Nós non podemos competir con Picos de Europa porque non temos eses picos e non podemos competir con Mont Blanc porque non temos esa altitude, non obstante, temos outras cousas a favor.

-A ti persoalmente, que che aporta o trail running que non che deron outros deportes?

Poucos deportes hai que non practiquei. De neno fixen



campo a través, xoguei ao fútbol sala, fútbol e balonmán. Estiven como adestrador de natación no Clube de Natación Xove, cun grupo de rapaces e rapazas triatletas. Con eles chegamos a ser campeóns de España. Unha vila moi pequena con nenos de Burela, Xove e Viveiro, que todo o mundo pensaba que tiñamos un centro de tecnificación, cando realmente era un grupo de nadadores e corredores que o facían ben. Logo probei o trail running e vin que era unha desconexión, só saír ao monte é unha vía de escape do día a día.

-Que diferenzas físicas que aporta o trail running?

O perfil de corredor de trail ou montaña, é un corredor máis forte, ten un tren inferior máis potente. Hai que ter unha certa habilidade para baixar porque os apoios non son sem-

pre firmes e as distancias non son exactas como nunha pista. Se sobes unha parede tes que camiñar e se non es bos baixando méteche unha minutada. A nivel físico é totalmente distinto, cando empecei eu viña de correr por asfalto, sentía moito que non tiña forza nas pernas, andaba nada máis. Decía para min “fago maratón en tantas horas como non vou poder competir en monte con este outro que ten esa barriga”. É un perfil de corredor diferente.

-Cres que é unha moda?

Hoxe hai un incremento de practicantes moi alto, de non haber competicións agora resulta que houbo unha disputa entre a Federación de Montaña e a de Atletismo para ver a cal lle correspondía ter esta disciplina en España. Tivo que mediar o Consejo Superior de Deportes, Atletismo dicía que

todo que fose correr era para eles e a de Montaña propoñía algo semellante. Eu considérome máis de montaña que de atletismo. A diferenza está no nome, “carreira de montaña” é de Atletismo, “carreira por montaña” é de Montaña. A cuestión é que agora hai moita máis xente que se federa, iso crea un cúmulo de ingresos e así entran as polémicas. Eu creo que se creará unha federación de trail nacional, creo que será a solución final.

-Pódese gozar o trail running sen autoimporse metas?

Si, porque ao final o que máis me enche da CAMOVI é o carácter da carreira. Veñen grupos, pandillas, moitos sen expectativas, só para disfrutar do monte, compartir a experiencia. Os que van por diante, ao mellor van competindo pero os demais van gozando do monte.

60.000 persoas desfrutaron das rutas fluviais pola Ribeira Sacra

Preto de 60.000 persoas desfrutaron das rutas fluviais pola Ribeira Sacra da Deputación de Lugo, un 10% máis que durante o 2017. Así o informou o deputado de Turismo, Eduardo Vidal Baamonde, que explicou que durante esta tempada rexistráronse 59.300 visitas, 6.128 máis que na tempada anterior. Cómpre lembrar que durante o 2018, a Deputación decidiu debido a alta demanda ampliar a tempada dende o 1 de novembro ao 9 de decembro.

Vidal Baamonde, explicou que “os datos de participación nas rutas fluviais que ofrece a Deputación pola Ribeira Sacra melloran ano tras ano. Estas rutas son unha viaxe espectacular polo corazón da Ribeira

Sacra que non deixa a ninguén indiferente. Os catamaráns dos ríos Miño e Sil veñen rexistrando un crecente número de viaxeiros cada ano. Por este motivo, nesta última tempada de 2018 reforzamos o servizo e ampliamos a tempada ata o 9 de decembro. Esta prolongación do período das dúas rutas fluviais da Deputación permitiu que máis xente descubrixe a riqueza que compartimos as provincias de Lugo e Ourense: a Ribeira Sacra”.

“No Miño, coñeceron as aldeas de Ribeira, as Vides, a Praia da Cova e a Illa de Maiorga, entre outras belezas. E no Sil, os Miradores de Pena do Castelo, Chelos, Cadeiras, Soutochao, as Ribeiras do Sil e as vides de Amandi. Con estas rutas fluviais dinamizamos a

economía local dos 21 concellos de Lugo e Ourense que integran a Ribeira Sacra, beneficiando, directamente, aos profesionais dos máis de 400 establecementos da zona. É unha aposta polo ecoturismo para xerar riqueza e emprego”, explicou.

O deputado de Turismo destacou que “co obxectivo de promover a Ribeira Sacra, dende que estamos á fronte da área de turismo melloramos os servizos das rutas fluviais, porque somos conscientes da oportunidade económica que supoñen estas rutas. Melloramos as propias embarcacións, habilitamos unha oficina de atención turística ao público no embarcadero de Doade ou unha renovada central de reservas, que funciona as 24 horas. Tamén intensificamos as activi-



Catamaráns polo río Sil.

dades de posta en valor da contorna como, por exemplo, co Festival Internacional de Música 17º, que reuniu a milleiros de persoas en emblemáticos espazos da Ribeira Sacra, como no embarcadero da Deputación en Doade, nas adegas ou nos miradoiros. Seguiremos a potenciar as rutas fluviais e as actividades na Ribeira Sacra ao abeiro do Plan Estraatéxico de Turismo e de cara o seu merecido recoñecemento internacional”.

Dende abril e ata finais de

decembro, foron, exactamente, 59.233 persoas as que navegaron polas rutas de Doade e Belesar en 2018; isto supón un incremento de 6.128 persoas. A ruta fluvial de Doade foi a que máis aumentou o número de realizaron as viaxes durante este ano. En total, foron 47.578 persoas as que viaxaron polo Canón do Sil, fronte aos 41.715 que o fixeron en 2017. Pola súa parte, a Ruta do Cabo do Mundo en Belesar, contou con 11.430 viaxeiros.

Meira estrea un campo de fútbol completamente renovado

O presidente da Deputación, Darío Campos Conde, e o deputado de Deportes, Pablo Rivera Capón, asistiron ao partido inaugural do campo de fútbol municipal da Lomba, en Meira, totalmente renovado grazas á achega de 48.000 euros da Deputación. Durante o acto, no que estiveron acompañados polo alcalde do Concello, Antonio de Dios, e membros da corporación municipal, Campos Conde realizou o saque de honra do partido que se disputou entre o Meira Fútbol Club e o Iberia Club de Fútbol.

Campos Conde sinalou que “coa realización destas actuacións damos resposta a unha necesidade dos veciños e veciñas de Meira, dotándoos dun espazo de xogo en condicións idóneas, favorables e de calidade para a práctica deportiva. Deste xeito os 25 xogadores do Meira Fútbol Club, fe-



derados na categoría segunda autonómica, poderán empregalo en condicións de total seguridade, asegurando que todos os veciños da provincia poden acceder en igualdade a práctica do deporte, independentemente do concello no que vivan”.

Os traballos, que contaron cun orzamento de 48.400 euros inclúen o acondicionamento e mellora do terreo de xogo que consistiron, na renovación integral

do céspede de herba natural; aporte de area para mellorar a permeabilidade; fertilización e sementeira da nova cuberta vexetal; así como a reimplantación do sistema do rego. Deste xeito, deuse solución ao grave problema de drenaxe que provocaba un mal estado do terreo de xogo, intensificado durante os meses do inverno polas choivas, co consecuente risco de lesións para os usuarios.

O Gandarón de Paradela estrea céspede



As obras de mellora no campo de fútbol municipal de Paradela incluíron entre outros traballos a nivelación, sementado de novo céspede e sistema de rego. A deputada López Izquierdo destacou que “achegamos 21.000 euros para que os

xogadores da SD Paradela poidan dispor dunhas instalacións seguras e de primeira categoría”. A deputación asinou o pasado decembro un convenio de 50.000 euros para a ampliación do Gandarón cun novo campo de herba artificial.

O Emevé, campión da XII Copa Príncipe de Voleibol



Clube Voleibol Emevé de Lugo.

A deputada de Promoción Económica e Social da Deputación de Lugo, Sonsoles López Izquierdo, participou na entrega da XII Copa Príncipe de Voleibol ao CV Emevé. O club lucense proclamouse cam-

pión do torneo no pavillón La Granadilla de Badajoz, despois de derrotar ao Mediterráneo Castellón (1-3) na final. A Deputación colabora con esta entidade cunha achega de 116.500 euros para contribuír a sufragar os

gastos derivados da tempada. Así decidiu incrementar a achega anual que recibe o club ata os 91.500 euros, concedendo ademais ao club un premio de 25.000 euros polos éxitos deportivos aca-

Monforte conta, por primeira vez, cunha guía turística

Monforte ten xa a súa primeira guía turística coa información máis relevante do municipio. O documento presentouno o alcalde, José Tomé, e a tenente de alcalde, Gloria Prada. Por outra parte, o mandatario local deu a coñecer un tríptico sobre a cidade do Cabe: “estes dous documentos ofrecen unha información clara e concisa cos datos máis destacados sobre Monforte”.

O Concello de Monforte imprimou 10.000 exemplares da guía turística (5.000 en castelán, 2.500 en galego e outros 2.500 en inglés). Por outra parte, editáronse outros 10.000 exemplares do tríptico, tamén

nas tres linguas.

As persoas interesadas en ter estes documentos poderán adquirilos na Oficina municipal de Turismo, nas librarías e nos locais de hostalaría de Monforte que queiran distribuíla. A guía custará 1 euro e o tríptico será de balde.

“O turismo na nosa comarca está experimentando un crecemento moi importante. Monforte, como capital da Ribeira Sacra, precisaba ter un documento gráfico e informativo para difundir a nosa riqueza cultural e paisaxística”, indicou o rexedor.

José Tomé lamentou que “aínda que parece mentira, Monforte carecía dunha guía turística. Cando chegamos ó

Goberno, atopámonos con que non había ningún material para promocionar o noso Concello, e por este motivo, decidimos elaborar uns documentos que permitan difundir as nosas riquezas paisaxísticas, culturais e monumentais”. Tomé avanzou que, máis adiante, o Concello de Monforte vai elaborar un vídeo promocional que conteña os diferentes eventos que acolle a cidade do Cabe ó longo do ano. Por outra parte, “recollerá a nosa gastronomía, cultura, paisaxe e os nosos monumentos”. Tanto a guía turística como o tríptico foron elaborados pola empresa monfortina Amanita Studio.

A nova guía turística de

VII Concurso Lucus Intercentros



O VII Concurso Lucus Intercentros constitúe unha iniciativa do alumnado de Administración e Xestión do Muralla Romana, coa colaboración do seu departamento de Informática, do CIFP Politécnico, da Escola de Arte e Superior de Deseño Ramón Falcón, así como do Centro de Formación Audiovisual de Lugo (CFA).

Máis de 3.000 persoas seguiron por streaming o certame a través dunha emisión da que se encargaron dez alumnos do Centro de Formación Audiovisual da Deputación, supervisados por un docente e técnicos do Servizo de Audiovisuais. Os

alumnos do CFA editarán un DVD co material gravado neste certame. O obxectivo desta acción é continuar preparando con prácticas reais aos alumnos do centro de cara á súa inserción no mercado laboral. Esta práctica foi posible grazas ao convenio de colaboración entre o CFA e o IES Muralla Romana.

Neste certame participaron alumnos de BAC de 7 institutos da capital lucense, que competiron respondendo preguntas de cultura xeral propias do seu nivel académico. As cuestións foron elaboradas polos profesores dos distintos departamentos do IES Muralla Romana de Lugo.



Gloria Prada e José Tomé en rolda de prensa.

Monforte e o tríptico estiveron presentes en Fitur. O público asistente dispuxo destes novos documentos no stand de Galicia e tamén no stand da Rede de Xuderías de España. José Tomé,

sinalou que “deste xeito, Monforte estivo en mans de turoperadores nacionais e internacionais o que permitiu que a nosa cidade chegue a novos lugares”.

A Deputación renova a sede da Fundación Uxío Novoneyra

A deputada de Cultura, Pilar García Porto, informou dunha nova colaboración coa Fundación Uxío Novoneyra, coa que se realizaron obras de mellora na Casa da Fonte, sede da Fundación e Casa-museo do poeta do Courel que cada ano visitan 5.000 persoas. Esta achega económica de 15.000 euros, engádesa a outra de 20.000 euros para a realización e promoción das actividades gratuítas de dita entidade, na que participaron 1.500 persoas na pasada anualidade.

García Porto explicou que “os principais traballos realizáronse na paneira e a forxa edificacións que forman parte do conxunto arquitectónico e teñen un importante



Sinatura do convenio de colaboración.

valor etnográfico, ao ter características propias do Courel. Tamén se arranxou o forno, que volve estar operativo despois de 50 anos”.

“A rehabilitación integral deste conxunto ten un carácter estratéxico, polo seu gran valor patrimonial, pola súa historia e significado,

pode ser considerado exemplo das construcións tradicionais labregas galegas e tamén de toda Europa, ademais do seu vínculo coa nosa literatura e historia, e pese ao seu interese, somos a única administración que colabora na súa conservación” remarcou García Porto.

Obradoiro para aprender a identificar herbas medicinais

Vinte persoas participaron no obradoiro gratuíto Herbas máxicas, fabricación de unguentos, que ofrece a Deputación a través das actividades medioambientais do Río Rato. O obradoiro tivo unha duración de catro horas nas que os participantes recolleron as plantas medicinais e posteriormente observáronas, realizaron secados das plantas e herbarios, e tiveron pequena introdución á fitoterapia. Por último, aprenderon a utilizar o recollido para previr, aliviar ou curar algunha patoloxía, mediante a preparación de cremas e pomadas, así como a elaboración de xabóns ou infusións.

Cada ano, centos de persoas participan de xeito totalmente gratuíto nesta programación de actividades medioambientais

que ofrece a Deputación. De feito, o ano pasado, foron máis de 1.500 os veciños da provincia que se sumaron a estas actividades. A través deste tipo de iniciativas, o Goberno busca fomentar entre a cidadanía valores relacionados coa conservación e mantemento do medio ambiente, e ao mesmo tempo que dar a coñecer o entorno natural da provincia, co fin de aprender a respectalo e coidalo.

A de Terras do Miño foi a primeira Reserva da Biosfera declarada en Galicia e unha das máis extensas de España. Abarca o 39% do total do te-



rritorio da provincia e inclúe 26 Concellos: Ourense, O Valadouro, Muras, Alfoz, Mondoñedo, Abadín, Xermade, Vilalba, A Pastoriza, Riotorto, Guitiriz, Cospeito, Meira, Begonte, Rábade, Castro de Rei, Outeiro de Rei, Pol, Lugo, Friol, Castroverde, Guntín, O Corgo, Baralla, O Páramo e Lámara.

Entrega de diplomas en emprendemento



No instituto Trapero Pardo entregáronse os diplomas aos participantes do VI Campus de Emprendemento Sostible da Deputación. Con esta iniciativa pioneira estase a ofrecer formación e asesoramento gratuíto para xerar novas oportunidades no rural como

saída laboral, que impulsen a creación de empresas e postos de emprego que freen o despoboamento demográfico. Os rapaces tamén recibiron formación práctica visitando exitosas iniciativas empresariais na Reserva da Biosfera Terras do Miño que están a potenciar o rural lucense.

Lugo en tres grandes feiras turísticas

O día 24 de xaneiro a Deputación de Lugo participou en FITUR; entre os días 6 e 10 de febreiro, terá un stand na feira Xantar, en Ourense, e entre o 10 e o 12 de febreiro acudirá á feira Fairway para promover os itinerarios xacobeos que atravesan o territorio lugués.

O deputado Vidal Baamonde avanzou que “van ser dous meses de intenso traballo turístico, a participación nestas

feiras supón un marco idóneo para dar a coñecer todas as posibilidades que ofrece a nosa provincia entre un público especializado”.

A Deputación pon os seus recursos nestas feiras a disposición dos 67 concellos lucenses, favorecendo a súa participación nunha clara aposta pola promoción do conxunto da provincia para impulsar o turismo como motor económico.



GADIS REGALA 36.000€

SORTEO DE DOUS PREMIOS DE 18.000€

Promoción válida do 1 ao 28 de febreiro de 2019.
Acumula tickets por valor de 200€ correspondentes
a compras efectuadas entre o 1 e o 28 de febreiro e
participa no sorteo.
Os sobres poderanse depositar no establecemento
ata o 4 de marzo.

SORTEO → 11 MARZO

Non aplicable a gadisline.com



ALIGERA TU VIDA
PREVENCIÓN DE LA OBESIDAD

GADIS

En Confianza

Os Premios da Cultura Galega entregáronse en Montederramo

Na primeira gala dos Premios da Cultura Galega organizada fóra de Compostela o protagonismo foi para as persoas e colectivos recoñecidos coa escultura de Acisclo Novo creada para a ocasión. Foron os galardoados na convocatoria do 2018: Ramón Villares (Proxección exterior); Antón Santamarina (Lingua); o Festival de Cans (Audiovisual); A Roda (Música); O Sorriso de Daniel (Patrimonio cultural); o FIOT, Festival de Outono de Teatro de Carballo (Artes escénicas); Xosé María Álvarez Cáccamo (Letras) e Luz Darriba (Artes plásticas).

O presidente do Goberno galego, Alberto Núñez Feijóo, destacou o labor dos galardoados cos Premios da Cultura Galega para labrar unha cultura que une, “tecedora de fíos entre persoas e pobos”, e que está firmemente arraigada na terra. “O gran milagre da creación cultural é transformar unha inspiración que moitas veces é individual e solitaria, en algo que comparten innumerables lectores, espectadores ou ouvintes”, dixo, durante o acto de entrega dos premios, incidindo en que os homes e mulleres da cultura teñen un privilexio do que carece calquera outra ocupación: sintetizar nunha peza musical, nun libro, escultura ou documental, pensamentos que son patrimonio común e que, sen a me-



O acto solemne celebrouse no mosteiro de Santa María de Montederramo.

diación cultural, se perderían.

Deste xeito, subliñou que boa parte da nosa historia sería un feixe de sucesos inconexos sen o traballo de Ramón Villares. “Alguén falou dos pobos sen historia, pero grazas a historiadores e investigadores coma el sabemos que Galicia ten historia e ten peso na historia”, aseverou, lembrando o esforzo “teimudo” que Ramón Villares fixo desde a Presidencia do Consello da Cultura Galega para a proxección exterior da cultura do país.

Así mesmo, resaltou que esa función catalizadora dos creadores culturais é ben patente na Roda. “É a súa unha reivindicación da música natural, espontánea que xorde da necesidade de estar xuntos. Ao

redor das súas cancións hai sempre unha Galicia en miniatura que se agrupa como fixeron durante séculos os nosos devanceiros”, precisou.

Os premiados

No tocante a Antón Santamarina, precisou que o noso idioma chega ao ensino da súa man. “Este lingüista fundamental para entender o rexurdimento da nosa fala común, rompe ese muro que afastaba o galego das aulas. O idioma da alma galega convértese en ferramenta da aula galega que empeza a nacer coa etapa preautonómica”, sentenciou, afirmando que Galicia lle debe moito aos homes e mulleres que neses momentos nos que se configura a Galicia de hoxe, promoven unha lingua

entendida como casa común, como ponte e camiño.

“Algún día Cannes tentará imitar a Cans. Pero sen éxito”, sentenciou sobre este festival que se expande por adegas, galpóns e casas particulares para mostrar as mellores producións galegas. Ademais de referirse tamén ao traballo da asociación O Sorriso de Daniel, que vela pola Galicia románica, unha das etapas de esplendor do noso país.

“Luz Darriba rodeou a muralla de Lugo de palabras contidas en máis de medio millón de libros, conseguindo que fose declarada pola Unesco Patrimonio da Humanidade; gústalle facer dos libros un exército pacífico e lúdico que fai resaltar monumentos e serve de ferramenta

de loita contra a discriminación e a violencia, innegables, que sofren as mulleres. E moitos e valiosos son os libros que Xosé María Álvarez Cáccamo ten achegado á literatura galega. Poesía, relato breve, teatro, investigación, literatura infantil. As súas páxinas danlle un selo de continuidade no tempo a inxerencias galegas que esperan a pluma ou a tecla axeitada para manifestarse”, engadiu, referíndose tamén ao Festival de Outono de Teatro-Fiot, unha cita das artes escénicas eloxiada polo Observatorio da Cultura de España, e sobre todo, recoñecida polos 10.000 espectadores e participantes anuais.

O presidente da Xunta concluíu a súa intervención facendo fincapé en que a democracia precisa dun pobo capaz de facer e sentir cousas en común. “A democracia necesita a cultura porque creacións culturais como as que hoxe celebramos no mosteiro de Montederramo, son ese nexo que unifica as xentes ao redor das experiencias asociadas. Galicia sábeo porque moito antes de que os galegos gozasen dunha cidadanía política ou administrativa, tiñan xa unha cidadanía cultural que fixo deles un gran pobo”, explicou, dando as grazas “a todos e todas por labrar unha cultura que une e que está firmemente arraigada na terra como este mosteiro de Montederramo”.

Presentado o primeiro selo protestante emitido en España

Presentouse no Liceo recreo Ourense o primeiro selo protestante emitido en España con motivo da celebración do quinto centenario da Reforma Protestante e o 450 aniversario da Biblia do Oso. A delegada da Xunta, Marisol Díaz Mouteira

felicitou, á comunidade evanxélica por ter logrado que estas dúas efemérides relixiosas fosen recoñecidas por Correos para a emisión dun selo en España, ao igual que anteriormente se fixera noutros países, mesmo no Vaticano.



Xantar 2019 perfila o seu programa de actividades

Xantar, Salón Internacional de Turismo Gastronómico, ultima xa o programa de actividades da súa 20ª edición que se celebrará en Expourense entre o 6 e o 10 de febreiro e que reunirá a recoñecidos chefs de varios países que impartirán talleres de cociña en directo enmarcados no XIV Encontro Internacional de Gastronomía Saudable e Sustentable que ofrecerá ao público máis de 100 experiencias.

O programa de actividades de Xantar 2019 foi presentado en Expourense nunha reunión á que asistiu unha quincena de profesionais da gastronomía e o turismo de Galicia que adquiriron o compromiso de divulgar as accións do salón entre os colectivos aos que representan. A esta reunión acudiron representantes da Consellería de Sanidade, de Turismo do Concello de Ou-



Reunión informativa á que asistiu unha quincena de profesionais da gastronomía e o turismo.

rense, das denominacións de orixe Ribeiro, Valdeorras e Monterrei, de BOAGA, da Asociación Nacional de Fabricantes de Conservas de Peixes e Mariscos-ANFACO, do Clúster de Turismo de Galicia, da Federación de Hostalería, da

Unión de Hostaleiros de Ourense, da Asociación "Cociña Ourense", da Academia Gastronómica de Ourense, da Asociación Galega de Catadores e do IES de Vilamarín

Un ano máis volverán ser as exhibicións de cociña en

directo un dos pratos fortes desta edición. Xantar 2019 dispoñerá de tres aulas gastronómicas funcionando ao mesmo tempo para dar cabida ao extenso programa de show-cookings no que participarán chefs nacionais e internacio-

nais. Este programa completase con concurso de cociña Xantar Gourmet-Grupo Cuevas; catas comentadas de produtos como viños ou conservas entre outro; presentacións de destinos enogastronómicos; degustacións; conferencias sobre seguridade alimentaria (a Consellería de Sanidade falará sobre o Anisakis)... así, ata ofrecerlle ao público máis de 100 experiencias das que gozar durante cinco días.

Xantar será tamén o escenario elixido pola asociación "Cociña Ourense", creada fai tan só uns días, para a súa posta de longo na provincia realizando en total 12 show-cookings entre o 6 e o 10 de febreiro. Destacan tamén os talleres de cociña diarios organizados pola Consellería do Medio Rural e pola de Mar que terán como protagonistas aos produtos de calidade de Galicia.





Adegavella

Eirxa 14, ABELEDA.
32765 A TEIXEIRA - Ourense.
Tfns. 606807897 - 660047602
info@adegavella.com

Ribeira Sacra
Consello Regulador Denominación de Orixe



Bar FUENTEFRÍA

Afumados
Carnes
Clásicos
Queixos
Ensaladas

Rúa Viriato, 6
OURENSE



Seguros

Servizos Ourense

☎ 678 578 161 📞
988 044 834

www.servizosourense.es

CARNICERÍA MARIVAN

aberto los domingos

C/Faustino Santalices - esquina Pablo Picasso - Ourense
Tlf. 639 58 04 30

jba servicios inmobiliarios

Francisco de Moure 22 Baixo, Ourense
☎988 10 20 75 ☎629 83 67 48
www.inmobiliariajba.com
jba.couto@ymail.com

Orixe
PUBLICIDADE E COMUNICACIÓN
988 60 70 75

Diseño - Impresión - Rotulación - Merchandising

www.orixepublicidade.es
Rúa Francisco de Moure 20 • Ourense

Especial Xantar

Redacción OURENSE

Monterrei ratifica a súa colaboración con Expourense

O Consello Regulador da Denominación de Orixe Monterrei ratificou a súa condición de colaborador fixo de Expourense, o que lle permitirá estar presente en todas as feiras e eventos organizados polo recinto para este ano 2019. A sinatura deste convenio correu a cargo da presidenta da denominación Lara da Silva, e o director xerente da Fundación Expourense, Alejandro Rubín. Este Consello Regulador é entidade colaboradora da Fundación dende o ano 2015. Isto implica a participación de Monterrei nas distintas accións promocionais que Expourense realiza ó longo do ano, sobre todo en Portugal, en virtude dos tintos convenios de cooperación transfronteiriça que a Fundación mantén con distintas entidades da Eurorrexión. Monterrei estará presente no Túnel do Viño, un área que lles presentará aos visitantes a calidade e as variedades autóctonas galegas. O consello convida ás adegas adscritas a participar neste espazo, un dos máis visitados polos profesionais que acoden ao salón para coñecer novas referencias. Os



Alejandro Rubín, Lara da Silva e Emma González.

seus viños estarán presentes ademais maridando os pratos elaborados con produtos de calidade de Galicia nos showcookings de Xantar e organizarán unha cata comentada.

O consello regulador Monterrei, que conta con 26 adegas adscritas participará tamén de xeito destacado na VIII edición de VINIS TERRAE, Salón do Viño e Licores Galegos de Calidade que se celebra en Expourense os días 1 e 2 de abril e que está consolidado como unha importante cita internacional para as adegas da nosa comunidade que contribúe a posicionar aos viños galegos no mercado exterior.

Coa sinatura do convenio,

ambos os dous organismos tamén poderán desenvolver misións comerciais que teñan como obxectivo a promoción dos viños, tanto no territorio nacional como no estranxeiro.

Alejandro Rubín mostrouse satisfeito coa firma do convenio, que demostra que moitas entidades da provincia confían no recinto feiral para dar a coñecer os seus produtos e servizos. Pola súa parte, Lara da Silva salientou que Expourense é un bo escaparate para dar a coñecer os viños e realizar campañas de promoción que potencia a imaxe da marca do consello "ábrenos as portas do mercado internacional e axúdanos a petar nas portas correctas".

Boaga participará en Xantar

O director de Xantar, Alejandro Rubín Carballo, reuniuse co director técnico da Federación Razas Autóctonas de Galicia (Boaga), Xosé Ramón Xusto Feijóo, para perfilar os detalles da participación de Boaga nesta edición. Conta-

rán cun restaurante, unha caseta que albergará ás distintas asociacións e impartirán varios showcookings de coíña en directo nos que explicarán cómo sacarlle todo o partido e sabor a estas carnes autóctonas de calidade recoñecida!



Xosé Ramón Xusto Feijóo con Alejandro Rubín.

información interesante
na nosa WEB

www.novasdoeixoatlantico.com

Visítennos

EIXOATLANTICO

JORNAL GALEGO-PORTUGUÉS DA GALLARICIA

**PRODUTOS 100% RAZA AUTÓCTONA
SOMOS DE RAZA
BUSCA O NOSO LOGO!**

www.boaga.es



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



Fondo Europeo Agrícola de
Desenvolvemento Rural:
Europa inviste no rural



GALIÑA
DE MOS



OVELLA
GALEGA



CABRA
GALEGA



CACHENA



CALDELÁ



FRIEIRESA



LIMIÁ



VIANESA

Sober, fiel a súa cita con Xantar



Luísa Fernández Guitián, alcalde de Sober, segundo pola esquerda.

O Concello de Sober, de Interese Turístico Gallego, emprazado no corazón da Ribeira Sacra, segue fiel á súa cita anual con Xantar, salón que utiliza para darse a coñecer ante miles de visitantes como un destino próximo, completo e único. Contará cun stand propio desde o que promocionar os seus principais atractivos turísticos, entre os que destaca o seu emprazamento na Ribeira Sacra o que lle outorga increíbles paisaxes; os seus afamados viños de Amandi, que pertencen á denominación de orixe Ribeira Sacra e outros atractivos como a olearía de Gundivós, o seu románico rural a súa oferta en aloxamentos rurais e locais de hostalería e restauración.

Como xa é habitual nas últimas edicións, Sober axudará a poñer o broche final a Xantar e reserva o seu día dedicado para o domingo (10 de febreiro) ofrecendo ademais unha degustación dos seus viños de Amandi acompañados por queixo da D.O. de Galicia e pola súa Rosca de Sober.

Feira de Amandi

Sober promocionará ademais durante o salón a 'XXIX Feira

do Viño de Amandi' que se celebrará os días 13 e 14 de abril de 2019. O Concello xa mantivo a primeira reunión cos 25 adegueiros preinscritos para participar na Feira do Viño de Amandi. Avanzáronse algúns detalles da próxima edición da feira que será presentada oficialmente xunto coas actividades do 'Mes do Amandi' o día 16 de marzo no miradoiro de SoutoChao, en Doade.

O goberno local perfila xa a programación do 'Mes do Amandi' que contará con catas comentadas, xornadas de maridaxe, en colaboración coa Escola de Hostalería de Rosende, actividades musicais, xornadas técnicas coorganizadas coa EVEGA, entre outros.

A adega Don Bernardino inaugurará a mostra vitivinícola en recoñecemento e lembranza do seu fundador e pioneiro da Feira do Viño de Amandi e da D.O. Ribeira Sacra Bernardino Rodríguez de Santa Cruz de Brosmos, falecido aos 89 anos o pasado mes de novembro. Este ano a feira terá como

convidado de honra ao Concello do Saviñao.

A principio de xaneiro publicáronse as bases do concurso para o cartel anunciador da XXXIX Feira do Viño de Amandi cuxo prazo para inscribirse remata o día 22 de febreiro. A persoa que resulte gañadora levará un premio en metálico de 600 euros.

Xantar presentouse en Fitur

Xantar cumpre 20 anos e celébralo presentando o programa de actividades máis internacional no que, á tradicional e estreita cooperación transfronteiriza con Portugal, únese con máis forza que nunca a cooperación iberoamericana.

Brasil, representado pola Prefeitura de Foz de Iguaçu, será o país convidado nesta edición. O protagonismo deste país e a progresiva internacionalización deste evento ata sumar 12 países representados nesta edición, foron os fíos condutores da presentación de Xantar de FITUR- Madrid, na que partici-

paron numerosos representantes de entidades vinculadas ao turismo de España, Portugal, Brasil, México e Arxentina, entre outros.

Xantar é a única feira internacional de turismo gastronómico de España. Durante esta presentación tamén se destacou o papel que xoga a feira á hora de promover a gastronomía como motivación turística co valor engadido de que contribúe a Identificar o turismo co territorio, xa que mostra toda a cadea de valor do produto, desde a súa orixe ata que o turista consómeo e goza.



Presentación de Xantar na Feira Internacional de Turismo, en Madrid.



IX Certame Celtibérico de Bandas de Gaitas

O IX Certame Celtibérico de Bandas de Gaitas reuniu o 19 de xaneiro, en Castro Caldelas, a cincocentos gaiteiros de diferentes bandas de gaitas procedentes de Lugo, A Coruña e Ourense. O certame, celebrado no municipio que foi recoñecido como un dos pobos máis bonitos de España, foi presentado polo decano do periodismo radiofónico de Galicia, Luís Rial Suárez.

Segundo Rosendo Fernández, vicepresidente da Deputación “a traxectoria deste certame ten un marcado carácter didáctico e de transmisión dos valores culturais, sendo un dos encontros máis importantes de España a nivel da gaita”. O certame “xorde no ano 2011 coa filosofía de servir de verdadeira canle cultural ás bandas de gaitas de toda a Península Ibérica,

sendo un complemento educativo ao ensino recibido na Escola de Gaitas da Deputación de Ourense”, segundo Fernández.

Xosé Lois Foxo, director da Real Banda de Gaitas, lembrou que “este movemento xurdiu en 1990 na Escola de Gaitas da Deputación de Ourense, sendo un servizo extraordinario para todas as iniciativas do mundo da gaita da Península Ibérica e tamén da emigración, porque por este evento viñeron varias bandas de gaita de Argentina, Venezuela, e Portugal”.

Os Trabazos

Sara Inés Vega Núñez, alcaldesa de Castro Caldelas, dixo que para o seu municipio é unha “honra acoller este evento enmarcado na Festa dos Fachós, porque isto supón un plus engadido á celebración, ao mesturar

nun mesmo evento a música do certame e a etnografía da festividade”. Asemade, Sara Inés Vega destacou que para ela é “un orgullo dobre esta celebración porque ademais de contar cunha ampla representación do mundo da gaita, o certame estará dedicado aos Trabazos de Castro Caldelas, construtores da música da gaita”.

Participaron as bandas ourensáns Os Trabazos, de Castro Caldelas; A Tarazana; Preparatorio; Ladies Band, e as bandas de gaitas dos concellos de Riós, Bande, Vilariño de Conso, Carballiño, Xinzo de Limia-B. De Lugo

participaron a banda municipal de Chantada e a Devandoira Infantil. De A Coruña, a banda Agarimo de Catabois. Outros grupos que actuaron foron: as bandas de 1º Grao Devandoira, de Lugo; Real Xuvenil, de Ourense e banda do Concello de Monforte de Lemos, Lugo. Posteriormente foi a entrega de diplomas e medallas, e tódalas bandas interpretaron o Himno do Antergo Reino de Galicia.



Os Trabazos no ano 1941.

Os fachós arderon no Castro

Castro Caldelas celebrou a Festa dos Fachós coa participación de setecentas antorchas e o fachón grande de 47 metros de longo portado por 35 persoas. Logo da procesión polas rúas do casco vello os restos dos fachós remataron de queimarse na fogueira do adro da igrexa dos Remedios. As rúas polas que transcurriu a procesión e a Praza do Prado permaneceron sin iluminación artificial, agás o castelo.

Desde as tres da tarde ata as once da noite a rúa Laguiñas permaneceu cortada ao tráfico. Os participantes percorreron as rúas mentres repenicaban as campás, estouraban as bombas e sonaban os acordes dos gaiteiros e grupos musicais. Despacharonse seiscentos litros de viño, sete mil chourizos caseños con pan artesanal, bica e queimada.

Celebrouse o concurso de debuxo para nenas e nenos organi-

zado polo Concello en colaboración co colexio público Virxe dos Remedios. No castelo estivo exposta unha mostra fotográfica. Para participar nesta festa chegaron a Castro Caldelas persoas procedentes de Madrid, Barcelona, Badalona, Pontevedra, Vigo, Santiago, Ourense, Terras de Lemos, Terras de Trives e Terras de Caldelas.



Gonzalo Caballero asistiu á festa.



C/ Ervedelo, 15 - ourense

☎ 988 23 44 99
698 14 82 07

VEN...
www.clubtosca.es
Sala de Fiestas Music-Hall

cerramos los domingos

A Eurocidade Cerveira-Tomiño amplía e mellora a xestión compartida de servizos en 2019

Dinámico e ambicioso, así se presenta o Plan de Actividades da Eurocidade Cerveira-Tomiño para 2019, aprobado polo Comité de Xestión Estratéxica. Alén de dar continuidade a algunhas accións-chave e consolidar eventos, os dous concellos veciños pretenden lanzar a Tarxeta Eurocidade, así como aplicar unha plataforma tecnolóxica para xestión de servizos públicos partillados. O obxectivo é axilizar rutinas diarias comúns ás dúas poboacións.

O conxunto ampliado de actividades propostas para execución no corrente ano no territorio común de Cerveira-Tomiño, encóntrase distribuído en dous grupos: un referente ao proxecto Axenda Estratéxica de Cooperación Transfronteiriza, financiado polo Interreg V-A, e un segundo relacionado con iniciativas promovidas polos dous gobernos locais.

En ambos os casos, a liña de actuación incidirá no reforzo da participación pública e da xestión compartida de servizos públicos. Neste ámbito, hai dous mecanismos novos e interactivos para aplicación en 2019. Trátase do lanzamento da devandita Tarxeta da Eurocidade Cerveira-Tomiño, que permitirá a identificación dos cidadáns nos diversos servizos municipais, con posíbeis vantaxes; e a implementación dunha plataforma tecnolóxica para a xestión de servizos públicos coma a Piscina Municipal de Vila Nova.

No ámbito da economía, foron identificados dous sectores-chave, Turismo e Plantas Ornamentais, para os cales xa foron dinamizados grupos de traballo de forma a afondar o coñecemento e definir unha promoción conxunta. Unha das accións xa delineadas é a organización das Xornadas de

Turismo Cerveira-Tomiño, o día 31 de xaneiro.

Asemade continuarán prestándose, durante o ano de 2019 servizos coma os que prestan as provedoras/valeadoras da cidadanía; a 3ª edición do programa “Deporte para Todos” con actividades gratuítas para nenos, usuarios dos IPSS e maiores de 55 anos de idade; e o proceso de Orzamento Participativo Transfronteirizo (OPT), nomeadamente a realización dos dous proxectos electos na 3ª edición do OPT para realización de actividades para ocupación dos tempos libres para nenos e mozos, e o lanzamento da 4ª edición en setembro.

Alén destas accións integradas no proxecto da Axenda Estratéxica Transfronteiriza Cerveira-Tomiño -con prazo de conclusión en decembro de 2019 e unha participación, até ao momento de máis de 7000 persoas-, Cerveira e Tomiño tamén promoven eventos culturais, con organización e financiamento conxunto. Está prevista unha edición máis de “EDUCARTE” Mostra de Arte Infantil e Xuvenil que presenta, en maio, decenas de traballos artísticos elaborados polos alumnos das varias escolas de Cerveira e Tomiño; o Eurocidade Cerveira-Tomiño Kids Festival, dirixido á poboación moza dos dous concellos; e a promoción dun premio de pintura integrado no certame “Pintor António Fernandez”.

Tras a sinatura da Carta da Amizade Cerveira-Tomiño (11 de xuño de 2014), a cooperación entre os municipios foi consolidada con accións que reforzaron positivamente as relacións institucionais e sociais, tendo como prioridade a participación pública e activa da cidadanía. Dando máis un paso de afirmación na coope-

ración transfronteiriza, os dous gobernos autónomos avanzaron coa constitución da Eurocidade Cerveira-Tomiño (4 de outubro de 2018). O obxectivo é continuar a traballar en prol da aproximación das comunidades fronteirizas, da supresión das dificultades subxacentes ás fronteiras, e da promoción do desenvolvemento económico, social e cultural.



VILA NOVA DE CERVEIRA

- CICLO DE CONCERTOS -

SONS NO CAMINHO

27 DE JANEIRO 2019 IGREJA DE GONDARÉM 17H00	24 DE FEVEREIRO 2019 IGREJA DE REBOREDA 17H00	10 DE MARÇO 2019 IGREJA DE VILA MEÃ 17H00
03 DE FEVEREIRO 2019 IGREJA DE LOIVO 17H00	03 DE MARÇO 2019 IGREJA DE CAMPOS 17H00	
10 DE FEVEREIRO 2019 IGREJA MATRIZ DE VILA NOVA DE CERVEIRA 17H00		
17 DE FEVEREIRO 2019 IGREJA DE LOVELHE 17H00		

Miscelanea

Redacción

O uso do Dicionario da RAG segue a medrar e pecha 2018 con preto de 21,9 millóns de consultas

O Dicionario da Real Academia Galega volveu medrar en 2018 con máis consultas e novas palabras. O ano que acaba de rematar rexistrou 21.842.744 buscas en liña que representan unha media de case 60.000 diarias. As cifras dan conta da consolidación no uso cotián desta ferramenta básica da lingua galega, dispoñible en versión dixital e gratuíta desde 2013, e en constante actualización co apoio da Fundación Barrié.

Nos últimos doce meses, sumou 1.339.507 procuras máis que no mesmo período de 2017, o que representa un incremento do 6,5%, e a suba acada o 51% en comparación cos 14,4 millóns de buscas de 2014. O número de usuarios tamén aumentou en 2018 ata se achegar aos 1,1 millóns.

O Dicionario en liña está dispoñible a través da web da Real Academia Galega (academia.gal) e do Portal das Palabras

(portaldaspalabras.gal), o proxecto de divulgación do léxico da nosa lingua que a institución comparte coa Fundación Barrié. Ás preto de 21,9 millóns de buscas rexistradas desde ambas as páxinas, hai que engadir o uso realizado a través das aplicacións para dispositivos móbiles para iOS e Android, que tamén permiten acceder aos xogos interactivos e demais contidos do Portal das Palabras. As visualizacións mediante esta vía de acceso tamén medraron desde os preto de 2 millóns do ano anterior ata situarse por riba das 2.270.500.

Tremelucir, rebolo, asemade e testemuña son unha pequena mostra das cen palabras máis buscadas, nunha listaxe encabezada por só, máis, botar, présa e ir. Estas últimas dan conta de que as persoas usuarias utilizan o Dicionario non só para aclarar o significado dos termos, senón tamén para resolveren dúbidas ortográficas ou consultaren a conxugación

dos verbos, unha das utilidades que o Dicionario ofrece. Tamén é posible escoitar a pronuncia de cada voz ou realizar procuras avanzadas que permiten, entre outras posibilidades, atopar sinónimos ou unha determinada palabra nos exemplos.

O Dicionario é unha ferramenta en constante revisión e ampliación, un labor do que se encarga o Seminario de Lexicografía da Academia tendo en conta, entre outras fontes, o diálogo coa propia comunidade de usuarios que fan chegar á institución as súas propostas e comentarios a través de distintas canles, como a lapela "Axúdanos a mellorar", visible ao final da definición de cada termo. En total, no ano que rematou incorporáronse 429 novas palabras, ata chegar ás máis de 57.000 entradas.

Melloráronse ademais unhas 3.350, na maioría dos casos introducindo pequenos cambios como a inclusión de sinónimos, pero en 311 acordouse incor-



porar novas acepcións e fraseoloxía ou incluso a modificación da definición.

De 'transxénero' a 'aporfobia'

Parte das novas palabras reflicten o obxectivo de ir progresivamente incorporando o vocabulario relacionado coas tecnoloxías da información e a comunicación. Ciberataque, ciberacoso, ciberseguridade ou cibercriminalidade, conectividade e xestor-a de comunidade figuran así entre as palabras que pasaron a formar parte do Dicionario xunto a outras que

visibilizan a diversidade, como gai/gay e transxénero. Aporfobia, matrilinear, vegano-a, xihadismo ou xonqui tamén teñen xa entrada propia xunto a outros termos populares da nosa fala como fochiña, vira-vento e charetar, ou solucións como cadeiriña de paseo e arrombacoche.

Cómpre tamén salientar as cento sesenta e oito novas voces ou actualizadas do mundo das matemáticas que foron revisadas coa colaboración dun equipo de persoas expertas nesta disciplina.

O ERE de Vodafone profundará na perda de calidade do operador

A Asociación de Internautas (AI), a Asociación Pro Derechos Civiles, Económicos y Sociales (ADECES)[1] e a Unión de Consumidores de Galicia (UCGAL) creen que o Expediente de Regulación de Emprego (ERE) anunciado por Vodafone profundará na perda de calidade do operador que, nos estudos realizados durante 2018, xa rexistraba niveis mínimos entre os operadores de telecomunicacións nacionais.

Para estas asociacións é plausible que o deterioro de calidade que vén rexistrando o operador teña a súa orixe

nos sucesivos ERES acoitados desde 2013, ano no que afectou ao 21% do persoal (900 de 4.300 traballadores). Con posterioridade á fusión con ONO (2015), a compañía viviu outro proceso de redución de persoal que afectou a uns 1.000 traballadores, ao redor do 16% do total. O novo ERE que se executará en 2019, afectará a uns 1.200 empregados, é dicir, un 23,5% do persoal de Vodafone.

Para AI, ADECES e UCGAL resulta imposible que cun recorte de persoal dunhas 3.100 persoas en 6 anos poidan

garantirse uns niveis de calidade de servizos e atención ao cliente apropiados.

De feito, en 2018, os diferentes estudos realizados por estas asociacións reflicten baixos índices de calidade que probablemente agraváranse.

Un dos últimos estudos publicados (finais de 2018), elaborado por ADECES, avalía a Atención ao Cliente, un dos servizos máis afectados polos sucesivos recortes e que probablemente agudizará o seu deterioro despois do ERE de 2019. Neste estudo Vodafone obtiña unha pun-

tuación media total de 5,39 puntos. En Asistencia Técnica e Atención Comercial conseguiu 6,43 e 5,20 puntos, respectivamente, ocupando un dos últimos postos. A diferenza respecto ao mellor chegaba ata os 2,4 puntos.

Pola súa banda, AI publicou no segundo semestre de 2018 os datos sobre a Banda Larga que arroxoaron para Vodafone unha calidade en Internet Móbil de 4,13 puntos, a peor puntuación posible, que se viu algo compensada coas cifras relativas ao servizo de Banda Larga Fixa. Algunhas ratios son espe-

cialmente negativas: reclamacións sobre servizos converxentes (6,86) e reparación de avarías, 111 horas.

Para rematar, o estudo de Calidade realizado pola UCGAL cos datos do ano 2017 que os operadores fornecen á SETSI (dous anos despois do ERE de 2015) outorgaba a Vodafone unha puntuación global de 6,94 puntos, o último lugar da clasificación a máis de 0,70 puntos do medio do resto de operadores. Pero, en calidade móbil as cousas non foron moi diferentes, obtendo unha puntuación de 5,54 puntos, o penúltimo lugar da lista.

A Coruña acollerá en marzo unha conferencia internacional sobre sistemas de información xeográfica de código aberto QGIS

A cidade da Coruña acollerá, entre o 4 e o 10 de marzo, a Conferencia Internacional de Usuarios e Desenvolvedores de QGIS, o evento referencial para todas aquelas persoas que traballan neste sistema de información xeográfica de código aberto. Abriuse a través do web oficial <http://2019.qgis.es/> o prazo de inscrición para participar no encontro, organizado pola Asociación QGIS España e que conta co apoio da Concellería de Participación e Innovación Democrática, ademais da comunidade Xeoinquedados e da asociación Bricolabs, entidade que desenvolve habitualmente a súa actividade na Sala Maker da Domus.

O SIX é un conxunto de ferramentas que permiten a organización e análises de datos



vinculados a unha referencia espacial na que se relacionan aspectos sociais, culturais, económicos e ambientais, que facilitan unha toma de decisións máis eficaz. A cita, que pretende recompilar experiencias e compartir coñecementos sobre QGIS, estruturárase a través de talleres, unha conferencia de persoas usuarias da plataforma --estas dúas

primeiras iniciativas terán lugar na Escola de Enxeñería de Camiños-- e un encontro para desenvolvedores que se celebrará na sala maker da Domus.

Para máis información sobre as charlas, persoas relatoras, obradoiros e actividades que se desenvolverán durante o evento, pódese vivistar o web <http://2019.qgis.es/>.

"Perencontro", proxecto de Alejandra Pombo na Zona C

Alejandra Pombo pon as condicións para dar lugar ao Perencontro con catro artistas invitados para a ocasión: María Xerez, Mårten Spångberg, Silvia Zayas e Josu Bilbao.



A Zona "C" (Bonaval, nº 1) acolle a última das intervencións seleccionadas baixo a denominación de 'Proxectos de intervención artística' e que vén de nutrir a programación do espazo polo que xa teñen pasado nesta edición Amine Anselman, Olalla Castro e Nicoleta Moise, Marcos Covelo, Aarón Sanromán e agora é Alejan-

dra Pombo quen co proxecto 'Perencontro' (a través do encontro) convidanos a visitar de novo a Zona "C".

O prefixo per, etimoloxicamente significa "a través", con Perencontro "a través do encontro" Alejandra describe este evento non como enfrontamento, nin como intercambio, disolución, transmisión, contacto ou identificación, senón como unha conxunción.

Ao longo dun proceso de creación de ano e medio, Alejandra, veuse envolta en diversas experiencias e situacións que foron configurando o barbeito para esa conxunción que a través da complicidade cos artistas Mårten Spångberg (Estocolmo, 1968) e Josu Bilbao (Bermeo, 1978), dou como resultado a exposición que se pode ver ata o 10 de marzo na Zona "C".

A Casa do Cabido reúne esculturas de Salvador GB Pereira realizadas con materiais reciclados



O escultor co alcalde de Compostela

A Casa do Cabido acolle a exposición Nun recuncho de ningures, que reúne pezas do artista compostelán Salvador García-Bodaño Pereira, coñecido como RADU, realizadas con materiais reciclados.

A mostra aglutina un total de 50 pezas que o artista realizou ao longo de varios anos, na súa maioría esculturas e tamén algunha pintura, ademais de mobles reconvertidos en obras de arte. Salvador ex-

présase a través de materiais como o papel, o cartón e a madeira; materiais de desfeito aos que dota dunha nova vida, transformándoos en pezas únicas de aspecto primitivo.

A exposición permanecerá na Casa do Cabido ata mediados do vindeiro mes de marzo. Poderá visitarse de martes a sábado de 10:00 a 14:00 e de 16:00 a 20:00 horas, e os domingos de 11:00 a 14:00 horas. Os luns, a Casa do Cabido está pechada ao público.

"Cuba desde 1957. A memoria fotográfica", mostra de Ernesto Fernández no Kiosko Alfonso

A Sala Municipal de Exposicións do Kiosko Alfonso acollerá unha escolma de traballos do fotógrafo Ernesto Fernández, que conta cun centenar de imaxes positivadas para a ocasión, dun dos reporteiros gráficos cubanos de maior prestixio, recoñecido co Premio Nacional de Artes Plásticas (2011) ou o Premio Fotografía Iberoamericana que outorga a Universidade de Harvard (2000).

As fotografías da mostra, que se poderá visitar até o 24 de marzo, percorren a historia de

Cuba desde os momentos pre-revolucionarios até a vida cotiá da veciñanza da Habana, e está organizada en diversos capítulos que abranguen os principais eventos que recolleu o fotógrafo durante a súa vida profesional: Cuba antes da revolución, O ano da Revolución, Congreso Católico, Manifestacións, A visita de Sartre e Simone de Beauvoir, Invasión por Praia Girón (Bahía Cochinos), Crise dos mísiles de outubro, Peña Sirique, Loita contra bandidos e piratas, Campo e mar, Guerra de Angola e Miscelánea.

Manuel Bujados, o xenio esquecido da ilustración modernista



Con motivo do 130 aniversario do nacemento do pintor simbolista viveirense Manuel Bujados, Antonio Lage Seara propónlle a cesión ao Concello dunha colección particular con máis de 20 traballos, orixinais impresos, realizados polo artista nas primeiras décadas do século XX para a prestixiosa revista “La Esfera”. Trátase dunha revista de luxo, publicada entre 1914 e 1931 a cor e con bos acabados, situada entre as mellores da época a nivel mundial e na que colaboraron Emilia Pardo Bazán, Galdós, Valle-Inclán, Unamuno, Wenceslao Fernández Florez, Rubén Darío, Juan Ramón Jiménez, Manuel Machado...

Manuel Bujados naceu en Viveiro en 1889 e morreu na Arxentina en 1954. É un dos máis grandes ilustradores de principios do século XX, comparado a cotío con Gustav Klimt, precursor do prerrafaelismo inglés e o Art Decó. Xunto con Maruja Mallo, un dos nosos talentos das artes gráficas máis recoñecidos internacionalmente.

A proposta é unha aposta clara pola divulgación do seu legado artístico, vencellado a un mundo máxico, fantástico, místico, fúnebre, melancólico... A día de hoxe, a súa obra atópase en depósito en institucións públicas coma a Deputación de Lugo ou a Xunta, entidades privadas coma Abanaca, e coleccións particulares,

polo que resulta difícil de acceder a ela para o gran público.

Bujados era un apaixonado “das lánquidas decadencias e dos refinamentos máis sutís”, en palabras de “La Esfera”, que comparaba o seu traballo co de Beardsley, ilustrador de Oscar Wilde e Poe, cando entrou a formar parte do equipo habitual de colaboradores, en 1914. Sobre o seu exceso visual dicían que “é unha fragancia de poesía, sutil coma vago perfume que envolve nun halo de ensoño toda a obra de Bujados”.

Pouco antes estivera en París, Londres, Viena e Berlín e amosara a súa obra no Salón de Humoristas, pero a partir de aí mudou a súa forma de expresión e a súa técnica fíxose máis rica e precisa, apostando polo marabilloso e o máxico, chegando así a representar coma ninguén o modernismo máis espectacular mentres se codeaba co simbolismo e o surrealismo, mesmo co futurismo e o construtivismo.

O seu mundo máxico e cheo de misterios, fai escintilar as cores sobre un fondo naturalista cheo de adobios ou sobre corpos espidos e veos ingrátidos que suxiren o luxo das pedras preciosas gardadas no máis coidado estoxo. Sen dúbida, esta exposición sería unha oportunidade impagable para achegarnos ao seu legado e recuperar a súa memoria.

